

Diseño gráfico
Diseño de interiores
Diseño de moda
Diseño de producto



Ensinanzas superiores de deseño



XUNTA DE GALICIA

Ensinanzas superiores de deseño

As ensinanzas superiores de deseño responden á necesidade de proporcionar aos futuros profesionais unha adecuada formación artística, científica e técnica, así como unha formación de calidade e unha titulación superior en diversos ámbitos do deseño. Abranguen catro especialidades (deseño gráfico, de interiores, de moda e de produto), cunha duración de catro cursos académicos, mais un proxecto final.

O título que se obtén ao seu remate é oficial, con validez en todo o territorio do Estado e equivalente, para todos os efectos, á titulación de grao.

Para que serven estas ensinanzas?

- Especialidade en deseño de interiores. Estudos de decoración, arquitectura e construcións, tendas de mobles, etc., ata colocarse nos numerosos negocios que se dedican á decoración e ao deseño de interiores.
- Especialidade en deseño gráfico. Deseño no campo editorial e no medio informático, multimedia e audiovisual, así como o deseño de imaxe para empresas e institucións, e o da etiquetaxe e a embalaxe.
- Especialidade en deseño de moda. Empresas de moda en calquera dos seus ámbitos: comunicación, estilismo, patronaxe, edición de moda para revistas e outros medios, asesoría de imaxe e dirección de cásting, xestión de proxectos de moda e estudos de mercado, e organización de desfiles e actos de moda.
- Especialidade deseño de produto. O deseño de calquera clase de produtos: envases, electrodomésticos, moblaxe, iluminación, complementos para o fogar, aparellos de oficina, maquinaria industrial, automóbiles e transportes.

Que se pode estudar e onde?

- Deseño gráfico.
 - EASD Antonio Failde.
 - EASD Pablo Picasso.
 - EASD Ramón Falcón.
- Deseño de interiores.
 - EASD Antonio Failde.
 - EASD Pablo Picasso.
 - EASD Ramón Falcón.
- Deseño de moda.
 - EASD Mestre Mateo.

- Deseño de produto.
 - EASD Mestre Mateo.

Condições de acceso

- Con requisitos académicos:
 - Con título de bacharelato ou proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos superada, cómpre superar a proba específica.
 - Con título de técnico superior en artes plásticas: acceso directo.
 - Sen requisitos académicos: cumpridos 19 anos no ano do acceso, cómpre superar unha proba de madurez e unha proba específica.
- A proba de madurez versará sobre as materias comúns a todas as modalidades do bacharelato: lingua estranxeira (inglés ou francés), lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura, filosofía e cidadanía, ciencias para o mundo contemporáneo, historia de España e historia da filosofía.
- A proba específica constará de dúas partes:
 - Primeira parte: durante un máximo de tres horas, as persoas aspirantes contestarán por escrito a cuestións relacionadas coas seguintes materias:
 - Historia das artes en xeral.
 - Historia das artes aplicadas, os oficios artísticos e o deseño en xeral.
 - Deseño, na especialidade que se desexe cursar.
 - Segunda parte: durante un máximo de catro horas, as persoas aspirantes realizarán dous exercicios de debuxo:
 - Exercício 1: debuxo mimético a man alzada, do natural ou a partir de documentación facilitada, dun modelo relacionado coa especialidade que se aspire a cursar, proposto polo tribunal, realizado a lapis de grafito sobre papel tamaño DIN A4.
 - Exercício 2: realización a man alzada, utilizando os sistemas e as técnicas de representación que máis se axusten aos estudos que se aspire a cursar, dos debuxos definidos polo tribunal, do modelo do exercicio anterior.

Máis información

- Escolas de arte e superiores de deseño (EASD) públicas:
 - EASD Mestre Mateo.
Rúa Virxe da Cerca, 32. 15703 - Santiago de Compostela.
Tel.: 981 587 757
www.centros.edu.xunta.es/eartmestremateo
 - EASD Pablo Picasso.
Rúa Os Pelamios, 2. 15001 - A Coruña, 2.
Tel.: 981 225 396
www.eapicasso.com
 - EASD Ramón Falcón.
Paseo dos Estudantes, s/n. Montirón. 27002 - Lugo.
Tel.: 982 220 790
www.escarteramonfalcon.com
 - EASD Antonio Failde.
Av. da Universidade, 18. A Cuña. 32005 - Ourense.
Tel.: 988 238 365
www.escolarte.com
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial.
Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial.
Edificio Administrativo de San Caetano
Tel.: 981 546 555 / 981 546 556
Fax: 981 546 551
15781 - Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es